



INDICE GENERAL



CLASIFICACIÓN del MONTE:

Abaixo e Rexedoiro

COMUNIDAD PROPIETARIA

SAN ANDRES DE CESAR

LUGAR / PARROQUIA

Concello

San Andrés de Cesar

CALDAS DE REIS

- A) RESOLUCIÓN DE LA CLASIFICACIÓN INICIAL
- B) RESOLUCION DE LA MODIFICACIÓN DE SUPERFICIE
- C) CROQUIS O PLANOS DE LA CLASIFICACION
- D) PLANOS DEL DESLINDE
- E) CONVENIOS
- F) ACTOS DE DISPOSICIÓN
- G) RECURSOS ADMINISTRATIVOS
- H) SENTENCIAS JUDICIALES

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

VOCALS

Dña. Mª Luisa Pardavila Pazos
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutiérrez
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)
D. Luis Mº Muñón Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

VOCALS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE SAN ANDRÉS DE CÉSAR, CONCELLO DE CALDAS DE REIS

D. Jesús Figueiras Miguéns
D. Manuel González Aboy

SECRETARIA

Dña. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vinte e catro de abril do 2003, coa asistencia das persoas ó marxe rescindidas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "*Abaixo e Rexedoiro*" da parroquia de San Andrés de César do concello de Caldas de Reis.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 24 de marzo do 2000, D. Jesús Figueiras Miguéns, no nome e representación da CMVMC da parroquia de San Andrés de César, como presidente, solicitou a clasificación como veciñal en man común dos montes "Abaixo" e "Rexedoiro" da parroquia de San Andrés de César, do concello de Caldas de Reis.

SEGUNDO.- Con data 7 de abril do 2000 o Xurado Provincial remitiu o expediente ó Servizo de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente para informe previo, que foi emitido o 12 de decembro de 2000.

TERCEIRO.- Na sesión do día 8 de febreiro do 2002, o Xurado Provincial acordou iniciar los trámites para a clasificación dos anteditos montes, nomear instrutora a Dña. Mª Luisa Pardavila Pazos, así como a remisión do expediente ó Servizo de Montes e Industrias Forestais, que emitiu o informe preceptivo en data 18/04/02.

CUARTO.- Cumprida e observada a tramitación legal e regulamentariamente esixida. No preceptivo trámite de audiencia non se presentaron alegacións nin se achegaron probas para acredita-lo uso comunal dos referidos montes.

QUINTO.- Con data 14/01/03 acordouse a apertura dun período de proba dun mes, no que o solicitante presentou as probas e fixo as alegacións que considerou oportunas.

SEXTO.- Visto o informe previo, o informe preceptivo do Servicio de Montes e Industrias Forestais, así como as alegacións formuladas, os montes obxecto do presente expediente de clasificación obedecen á seguinte descripción:

CONCELLO: CALDAS DE REIS
PARROQUIA : SAN ANDRES DE CESAR

NOME DO MONTE: "Rexedoiro"

Cabida: 22.999 m². (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Propiedades particulares de Arturo Rey Martínez e Veneranda Miguéns Brey e camiño de servicio

Leste: Pista asfaltada

Sur: Propiedades particulares muro por medio, camiño de servicio

Oeste: Camiño de servicio e propiedades particulares muro por medio

Servidumes: Atópase atravesada por varios camiños de servicio

Descripción: Poboada por fustal de pinus pinaster e roble en masa aberta con matorral de zarza e retama. No extremo Suroeste localízase unha canteira abandonada e no Sureste un vertedoiro incontrolado

NOME DO MONTE: "Abaixo"

Cabida total: 55.985 m². (Superficie alegada na solicitude). Divídese en dúas parcelas:

Parcela A: Situada ó Oeste da estrada de Caldas a San Clemente

Cabida: 54.859 m². (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Propiedades particulares de José González Villar

Leste: Propiedades particulares de Celestino Rodríguez Ortigueira, Ilos. De Manuel Martínez Caramés e Carmen Barral Otero e estrada de Caldas a San Clemente

Sur: Propiedades particulares.

Oeste: Camiño de servicio e propiedades particulares muro por medio

Servidumes: Atravesada por varios camiños de servicio e por línea telefónica

Descripción: Poboada por latizal de pinus pinaster e roble en masa aberta con matorral de toxo, retama e zarza. Parcialmente rasa obsérvase aproveitamento de esquilmes en varios puntos. No seu límite Leste coa estrada de Caldas a San Clemente localízase un vertedoiro incontrolado pechado por cercado de arame

Parcela B: Situada ó Oeste da estrada de Caldas a San Clemente

Cabida: 1.126 m². (Superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Estrada de Caldas a San Clemente

Leste: Propiedades particulares, muro por medio

Sur: Propiedades particulares

Oeste: Estrada de Caldas a San Clemente

Descripción: É un sobrante de estrada poboado por pés de pinus pinaster

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- O uso en man común dos montes "Rexedoiro" e "Abaixo", parcela A, tense suficientemente acreditado. Non se pode apreciar uso comunal no monte "Abaixo", parcela B, que é tan só un sobrante de carretera.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, e tendo en conta que no expediente queda acreditado, de xeito efectivo, que os terreos obxecto de clasificación veñen sendo aproveitados consuetudinariamente polos membros desta comunidade, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñal en man común os montes "REXEDOIRO" e "ABAIXO", parcela A, a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de San Andrés de César, do concello de Caldas de Reis, correspondéndose coa descrición reflectida no feito sexto e a planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución, e **NON CLASIFICAR** a parcela B do monte "ABAIXO".

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



